

febreiro

emprego

Nº 2 | Febreiro de 2007 | Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia



**ceesg**  
colexio de educadoras e  
educadores sociais de galicia

Rúa Gómez Ulla 7, 3º  
15702 Santiago de Compostela  
A Coruña

T 981 552 206 | F 981 938 274  
ceesg@colexioeducadores.com  
www.colexioeducadores.com

DL C-374-2007

## SERVIZO DE BOLSA DE EMPREGO

### DESCRIPCIÓN E FUNCIONAMENTO

No CEESG estamos sempre intentando mellorar os servizos que ofrecemos aos/as nosos/as colexiados/as, e traballando para lograr cambios significativos no mundo laboral e profesional no que nos movemos.

Esta intención levounos a solicitar á empresa GaliciaEmpleo.net, especialista na creación e mantemento de bolsas de emprego no noso territorio, que crease unha zona web propia e específica para canalizar as ofertas de emprego para os Educadores/as Sociais.

Este novo servizo, que está aínda dando os seus primeiros pasos, constitúe unha ferramenta mediante a cal as propias empresas poderán publicar e xestionar as ofertas a través da web do CEESG, automatizando tarefas como a recepción, almacenamento e xestión dos CVs.

Como colexiado/a, poderás incorporar o teu currículum á bolsa e seleccionar os ámbitos de traballo nos que estás interesado centrar a túa traxectoria profesional. Unha vez inscrito/a na bolsa poderás:

- Recibir alertas no teu e-mail das ofertas de emprego publicadas ao instante.
- Inscribirte naquelas ofertas que che interese.
- Recibir vía e-mail a resposta da/s empresa/s.

Na sección Bolsa de Emprego de [www.colexioeducadores.com](http://www.colexioeducadores.com), atoparás un menú para colexiados/as e outro para empresas.

Dende o menú de colexiados/as poderás consultar ofertas, inscribirte nelas (algunhas son exclusivas para colexiados/as e outras son un filtrado das publicadas en GaliciaEmpleo.net vinculadas a certos perfís profesionais), inserir e xestionar o teu CV (imprimilo, envíalo por correo electrónico, actualízalo...), coñecer o estado das túas candidaturas, e xestionar a privacidade e confidencialidade dos datos introducidos.

### PROCESO DE ALTA COMO USUARIO/A

Ao entrar na “Bolsa de Emprego”, hai unha opción para darse de alta.

O primeiro paso necesario é a autorización de cesión de datos (DNI e nº de colexiado/a) dende o CEESG a GaliciaEmpleo.net, para facer cumprir a Lei Orgánica de Protección de Datos de carácter persoal.

Para facelo só hai que cubrir e enviar un formulario on-line; a cesión xestionarase canto antes, recibindo un aviso no teu e-mail no momento en que esta se produza.

Se xa estás rexistrado/a en GaliciaEmpleo.net, debes cubrir os datos que aparecen na primeira pantalla do CEESG, indicando o mesmo e-mail que empregas para acceder como usuario/a da web GaliciaEmpleo.net. Unha vez feito isto, hai unha opción que che permitirá asociar os teus datos de GaliciaEmpleo.net co teu nº de colexiado/a. Deste xeito non terás que introducir todos os demais datos.

En caso de non ser usuario/a de GaliciaEmpleo.net, debes introducir todos os datos solicitados como obrigatorios en todas as pantallas de rexistro.

### SERVIZO PARA AS EMPRESAS

As Empresas dispoñen tamén na web dun espazo onde poderán publicar e xestionar as súas ofertas de emprego, filtrar os CV recibidos polos criterios desexados (idade, experiencia, perfil profesional, coche propio, etc.), ou buscar entre os CVs dos demandantes de emprego do Colexio sen necesidade de publicar ofertas.

A publicación de ofertas non suporá custo algún para a empresa, e poderá xestionarse directamente a través da web do CEESG ou ben a través de GaliciaEmpleo.net, indicando neste caso ao seleccionar o tipo de oferta “Oferta para EDUCADORES”.

Este custo cero para a publicación de ofertas facilitará que as empresas accedan ao noso portal de emprego e que busquen aos profesionais que desexan no lugar adecuado: no CEESG.

Esperamos que este novo servizo, no que levamos máis dun ano traballando con GaliciaEmpleo.net, sexa de gran utilidade para todos/as vós.

Foi pensado e deseñado como o portal de emprego propio dos/as Educadores/as Sociais de Galicia, un espazo de encontro entre nós e as empresas ás que ofrecemos os nosos servizos.

Outros Colexios profesionais de Galicia xa apostaron con moito éxito por esta vía, por exemplo o Colexio de Economistas.

Desexamos que o noso portal tamén teña éxito, e sexa o lugar para xerar oportunidades de emprego e potenciar o coñecemento da nosa profesión entre as empresas.

Animámosvos a incorporar os vosos currículos e comezar a manexar esta nova ferramenta que é vosá.

Neste momento estamos deseñando unha campaña de difusión para dar a coñecer o portal entre as entidades que potencialmente poden demandar nalgún momento aos/as Educadores/as Sociais.

Para calquera dúbida podes poñerte en contacto co CEESG.

**Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia**

## ACTUACIÓNS REALIZADAS

- ✓ Xuntanza o día 1 de febreiro con Dona Carme Adán Villamarín, Secretaria Xeral da Igualdade, para solicitar información acerca dos posibles cambios a introducir na convocatoria de subvencións para desenvolvemento de programas de educación familiar nos concellos e expoñer o papel dos/as educadores/as sociais no ámbito de Muller. Acuden Laura Cruz e Eva López, vogais do CEESG.
- ✓ Xuntanza o día 1 de febreiro con Dona Charo Alonso Fernández e Roberto Barral Blanco, Secretaria Xeral da Federación do Ensino e Secretario de Política Educativa do sindicato CC.OO. respectivamente para solicitar o seu apoio á nosa proposta de incorporación de educadores/as sociais nos centros de ensino. Acude Alfonso Tembrás, tesoureiro do CEESG. Posteriormente enviáuselles documentación relativa ás funcións do/a educador/a social neste ámbito e información sobre as experiencias similares levadas a cabo noutras comunidades autónomas.
- ✓ Xuntanza o día 5 de febreiro con D. Anxo Louzao Rodríguez, Secretario Nacional da Federación de Ensino do sindicato CIG para solicitar o seu apoio á nosa proposta de incorporación de educadores/as sociais nos centros de ensino. Acuden Jorge Piñeiro e Montse Sánchez, Secretario e empregada do CEESG. Posteriormente enviáuselle documentación relativa ás funcións do/a educador/a social neste ámbito e información sobre as experiencias similares levadas a cabo noutras comunidades autónomas.
- ✓ Difusión dirixida aos centros do sistema educativo galego, a través de correo electrónico, de solicitude de apoio por escrito á proposta de incorporación de educadores/as sociais nos centros de ensino.
- ✓ Organización e celebración do Acto de constitución da Comisión Xestora do *Consejo General de Colegios Oficiales de Educadoras y Educadores Sociales*, que tivo lugar os días 9 e 10 de febreiro na cidade de Lugo. Este acto contou coa colaboración e apoio do Concello de Lugo e da entidade financeira Sabadell Atlántico Tecnocredit.
- ✓ Asistencia o día 10 de febreiro á presentación da Carta de Dereitos dos Cidadáns, organizada pola Presidencia da Xunta de Galicia. Asiste Jorge Piñeiro, Secretario do CEESG.
- ✓ Envío o día 14 de febreiro á Secretaría Xeral da Igualdade de aportacións ao borrador do Decreto polo que se regulan os Puntos de Encontro Familiar.
- ✓ Envío de escrito a D. Rubén Cela Díaz, Director Xeral de Xuventude e Solidariedade, recordando aqueles asuntos acerca dos que houbera conversas en varias xuntanzas e que están aínda pendentes: incorporación de educadores/as sociais na rede de centros de educación afectivo-sexual e nun módulo de reinserción social de mozos nun centro penal.
- ✓ Organización do curso “O ditame pericial como medio de proba: a súa regulación legal”, que tivo lugar o día 16 de febreiro en Santiago de Compostela, impartido por Dona Ana Hernández Escobar.
- ✓ Asistencia o día 16 de febreiro á xornada de portas abertas do Proxecto CREAR de inserción laboral, posto en marcha polo concello de Santiago de Compostela. Asiste Jorge Piñeiro, secretario do CEESG.
- ✓ Aprobación en Xunta de Goberno do 22 de febreiro da “Convocatoria de eleccións e calendario electoral” para a renovación total dos membros da Xunta de Goberno do CEESG. Distribución aos/as colexiados/as.
- ✓ Asistencia o día 23 de febreiro en A Coruña ao Acto de inauguración de *Viradeiras*, exposición fotográfica sobre temas sociais organizada pola Fundación Caixa Galicia. Asiste M<sup>a</sup> José Fernández, Vicepresidenta do CEESG.
- ✓ Contactos co Colexio Oficial de Psicólogos de Galicia, para a colaboración na organización dunha xornada formativa o vindeiro 30 de marzo en Santiago de Compostela, na que participará a experta en Xerontoloxía Dona Lourdes Bermejo.
- ✓ Envío o día 16 de febreiro de escrito ao Concello de Santiago de Compostela en relación ao anuncio de convocatoria de concurso para a contratación da *coordinación e dinamización dos espazos de lectura e xogo dinamización a través de talleres e animación de aulas e espazos integrados na rede sociocultural municipal*, na que se determina a contratación de “4 animadores socioculturais” coa titulación de Técnico en Actividades Socioculturais. O escrito pon de relevo a necesidade de empregar as nomenclaturas e definicións idóneas para cada posto, indicando que os postos denominados “Animador Sociocultural” deben ser desempeñados por Educadores/as Sociais.
- ✓ Envío o día 6 de febreiro de recurso de reposición contra a convocatoria e as bases xerais e específicas para a contratación dos postos de técnico/a de inserción social e laboral e de técnico/a de marketing social (publicadas no BOP de A Coruña de 10/01/07) por parte do Consorcio As Mariñas, co obxecto de que se declare o dereito dos Diplomados/as en Educación Social e dos habilitados/as polo CEESG a participar no proceso selectivo.
- ✓ Envío o día 6 de febreiro de recurso de reposición contra a resolución pola que se aproban as bases para a elaboración de lista de aspirantes para o posible nomeamento como funcionarios interinos e/ou laborais temporais para os postos de Educador (publicadas no BOP de A Coruña de 20/01/07) por parte da Deputación de A Coruña, co obxecto de que a titulación esixida na convocatoria sexa a Diplomatura en Educación Social e o recoñecemento do dereito dos habilitados/as polo CEESG a participar no proceso selectivo.

## NOVAS PUBLICACIÓNS DISPOÑIBLES NA BIBLIOTECA DO CEESG

- BERNARD KRIEF, GABINETE DE ESTUDIOS SOCIOLÓGICOS: *Libro Blanco: Deterioro cognitivo en el envejecimiento y demencia en España*. Bayer.
- FERNÁNDEZ BALLESTEROS, R. y Díez NICOLÁS, J (2001): *Libro Blanco sobre la enfermedad de alzheimer y trastornos afines* (dos volúmenes). Obra Social Caja Madrid.
- Directorio das oficinas de información xuvenil e para o emprego. 2º semestre 2006. Xunta de Galicia.
- Directorio de centros: Familia, Xuventude, Voluntariado, Maiores, Discapacitados, Muller. 2º semestre 2006. Xunta de Galicia.
- Estatística de Familias Numerosas. 2º semestre 2006. Xunta de Galicia.
- Revista Galega de Administración Pública REGAP N° 24.
- Revista “Perfiles. Revista general de política social” N° 228. Febreiro 2007. ONCE.
- Boletín “Aldizkaria” N° 136. Xaneiro 2007. Centro de Documentación de Drogodependencias.
- Boletín “Noticias Socyser” N° 1. Xaneiro 2007.
- Xornal “Entre Mayores”. N° 65. Febreiro 2007.
- Xornal “Infoxove”. N° 10. Febreiro 2007.
- Centro Residencial para maiores asistidos Barreiro, Lavadores – Vigo. Obra Social Caixa Galicia.

## FORMACIÓN CONTINUA

### INFANCIA E ADOLESCENCIA, NOVAS ACTUACIÓN S EN MATERIA DE MENORES

**Organiza:** Asociación Centro Trama.

**Lugar:** Aula Sociocultural da Obra Social Caixa Galicia de Santiago de Compostela.

Rúa Carreira do Conde, 18, baixo.

**Datas:** 22, 23 e 24 de marzo.

**Prezo:** 10 €

**Información:** Centro Trama Galicia

Persoa de contacto: Duarte Crestar Pena

Tlf.: 988 391475 / Fax: 988 549746

Rúa Doutor Temes, 2. C.P.: 32004 Ourense

ourense@trama.org

www.trama.org

### XORNADAS SOBRE APLICACIÓN DA LEI DE DEPENDENCIA

**Organiza:** Obra Social Caja Madrid. Escola Universitaria de Trabajo Social da Universidade de Jaén.

**Lugar:** Jaén.

**Datas:** 20 y 21 de marzo.

**Prezo:** 75 €

**Información:**

siposo@polibea.com www.polibea.com/siposo

## FORMACIÓN CON DESCONTOS PARA COLEXIADOS/AS

### CURSO DE EDUCACIÓN AFECTIVO-SEXUAL

**Organiza:** CEESG

**Lugar:** Facultade de Ciencias da Educación da Universidade de A Coruña. Campus de Elviña.

**Datas:** 20 e 21 de abril.

**Prezo:** Colexiados/as, desempregados/as e estudantes de Educación Social: 40 € Outras situacións: 60 €

**Información:** CEESG

### ESCOLA DE PRIMAVERA

**Organiza:** CEESG

**Lugar:** Facultade de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago de Compostela

**Datas:** 23, 24 e 25 de maio.

**Prezo:** Colexiados/as, desempregados/as e estudantes: 20 € Outras situacións: 40 €

**Información:** CEESG

### SESIÓN TÉCNICA:

#### CÓMO SER AXENTES DE CAPACITACIÓN

**Organiza:** Colexio Oficial de Psicólogos de Galicia e Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia

**Lugar:** Colexio Oficial de Psicólogos de Galicia.

Rúa Espiñeira, 10, baixo (Santiago de Compostela)

**Data:** 30 de marzo.

**Prezo:** 15 € Esta actividade está dirixida exclusivamente a psicólogos/as ou educadores/as sociais colexiados/as.

**Docente:** Dona Lourdes Bermejo García. www.lourdesbermejo.com

**Información:** CEESG

## NOVAS DOS BOLETÍNS

### EMPREGO

**Concello de Portas (Pontevedra):** Anuncio da oferta de emprego público para 2006. Un posto de Axente de Emprego e Desenvolvemento Local (BOP de 17/01/07)

**Concello de Cabanas (A Coruña):** Anuncio da oferta de emprego público para 2006. Un posto de Técnico de Emprego e Desenvolvemento Local (BOP de 11/01/07)

**Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza:** Decreto polo que se modifica o Decreto 37/2006, do 2 de marzo, polo que se regula o nomeamento de persoal interino para o desempeño con carácter transitorio de prazas reservadas a funcionarios e a contratación temporal de persoal laboral da Xunta de Galicia (DOG de 29/01/06)

**Concello de Mondoñedo (Lugo):** Convocatoria e bases xerais e específicas que rexerán as probas selectivas para o acceso ao posto de traballo de Técnico de Cultura (BOP de 8/02/07)

**Dirección Xeral de Función Pública:** Resolución do 12 de febreiro pola que se aproban e se fan públicas as relacións definitivas de admitidos e excluídos dos procesos selectivos para o ingreso nas distintas categorías do grupo II do persoal laboral fixo da Xunta de Galicia, pola quenda de acceso libre (DOG de 23/02/07)

**Dirección Xeral de Función Pública:** Resolución do 12 de febreiro pola que se aproban e se fan públicas as relacións definitivas de admitidos e excluídos dos procesos selectivos para o ingreso nas distintas categorías do grupo II do persoal laboral fixo da Xunta de Galicia, pola quenda de promoción interna e cambio de categoría (DOG de 23/02/07)

### OUTROS

**Consellería de Cultura e Deporte:** Orde pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de axudas a particulares, asociacións e institucións culturais para a realización de actividades culturais, e se procede á súa convocatoria (DOG de 26/02/07)

**Ministerio de Trabajo e Asuntos Sociais:** Orde pola que se establece a concesión de subvencións para financiar programas destinados á formación e inserción de traballadores inmigrantes (BOE de 6/02/07)

**Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar:** Orde pola que se regulan as bases polas que se rexerá a concesión de subvencións destinadas á prestación de servizos sociais polas corporacións locais e se procede á súa convocatoria (DOG de 7/02/07)

**Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar:** Orde pola que se convocan axudas para o desenvolvemento de programas de educación familiar polas corporacións locais de Galicia (DOG 7/02/07)

**Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar:** Orde pola que se establecen as bases que rexerán as axudas para a realización de programas de apoio a familias monoparentais e se procede á súa convocatoria (DOG de 8/02/07)

**Deputación Provincial de Pontevedra:** Bases reguladoras das subvencións para asociacións de servizos sociais especializados (BOP Pontevedra 8/02/07)

**Deputación Provincial de Ourense:** Bases da convocatoria de subvencións para asociacións e fundacións sen ánimo de lucro que realicen actividades de prestación de servizos sociais (BOP Ourense de 10/02/07)

## OUTRAS CONVOCATORIAS

### OFERTAS DE EMPREGO DE

**Oferta N° 960228**

**Localidade:** Ourense

**Provincia:** Ourense

**Posto ofertado:** Monitor/a de ocio e tempo libre

Para traballar nunha empresa dedicada á animación e ao tempo libre en tarefas de realización de obradoiros, xogos infantís e busca de recursos na animación. Necesario posuír titulación universitaria en Educación Social ou o título de Monitor/a. Horario a convir coa empresa. Imprescindible ter carné de conducir e valoran vehículo propio. Entre 18 e 35 anos. **Para contactar:** www.cimoemprego.com, **O Portal Galego do Emprego, ou chamando ao 988391525 ou 902116039 (Telemprego CIMO)**



Subvenciona:



**XUNTA DE GALICIA**  
PRESIDENCIA  
Secretaría Xeral de Política Lingüística

Coa colaboración de:

